



RESOLUCIÓN REITORAL DE CORRECCIÓN DE ERROS DO ANEXO I DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 19 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS SELECCIONADAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NO PRIMEIRO SEMESTRE 2025

O 19 de decembro de 2024 publicouse a Resolución reitoral pola que se publicaban as listaxes definitivas de persoas seleccionadas no cadro da convocatoria de axudas do programa Erasmus+ Ka131 para persoal docente e investigador no primeiro semestre do 2025 (R.R. de 27/09/2024).

Detectado un erro no cálculo da contía da axuda a percibir por Juan Antonio Hernández Corchete, debido a un erro no cálculo da distancia á institución de destino da súa estadía, de conforme coas bases da convocatoria publicadas por R.R. do 27/09/2024, e conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Modificar e incrementar o importe da bolsa concedida á **Juan Antonio Hernández Corchete** no Anexo I - “Listaxe de solicitudes seleccionadas” do seguinte xeito:

Apelidos, nome	Universidade de destino	Duración da estadía (axuda indiviudal + días de viaxe)	Importe bolsa
Hernández Corchete, Juan Antonio	Universidad La Salle- Facultade de Dereito	5+2	2.760 €

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura dixital
O REITOR
Por delegación, R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización
María Isabel del Pozo Triviño